

CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S (PONTEVEDRA)

ANUNCIO EXPLICATIVO DA CONCESIÓN DA PRAZAS NA EIM DE PONTECESURES PARA O CURSO 2025/2026.

Tendo en conta que a EIM ten 4 aulas coa seguinte distribución das prazas por idades/aulas:

- 0 – 1 anos: 8 prazas
- 1 – 2 anos: 13 prazas.
- 2 – 3 anos: 20 prazas.
- Mixta (1 – 3 anos): 15 prazas.

Tendo en conta tamén que houbo 23 renovacións de alumnos/as que están actualmente na EIM, coa seguinte distribución:

- 15 renovacións de nenos/as nados/as en 2023 (3º curso 2 – 3 anos)
- 8 renovacións de nenos/as nados/as en 2024 (2º curso 1 – 2 anos).


A vista das 21 solicitudes presentadas segundo a idade dos nenos/as solicitantes:

- 5 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2023 (3º curso 2 – 3 anos)
- 12 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2024 (2º curso 1 – 2 anos).
- 4 novas solicitudes de nenos/as nados/as en 2025 (1º curso 0 – 1 anos).

CONCLUSIONS:

- Habendo 8 prazas dispoñibles para a aula de 0 – 1 anos, e tendo 4 solicitudes, **esas 4 solicitudes quedan ACEPTADAS, tendo que formalizar a correspondente matrícula no prazo estipulado (do 1 ao 15 de xuño de 2025); e quedan 4 prazas vacantes para quen solicite por orde de chegada ao rexistro.**
- Habendo ate 48 prazas dispoñibles para as idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos, e tendo un total de 23 solicitudes de renovación de praza, **quedan 25 prazas para adxudicar.**
- **As 25 prazas vacantes nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos concédense seguindo o estipulado no Regulamento de Organización da EIM (artigos 6.1 e 6.8.1), polo que teñen prioridade as solicitudes de nenos/as empadroados en Pontecesures, sobre os non empadroados, e as solicitudes de xornada completa sobre as de xornada reducida.**
- **Así, as 9 solicitudes nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos de empadroados en Pontecesures, tanto os 4 de xornada completa, coma os 5 de xornada reducida, quedan ACEPTADAS directamente, tendo que**





CONCELLO DE P O N T E C E S U R E S (PONTEVEDRA)

formalizar a correspondente matrícula no prazo estipulado (do 1 ao 15 de xuño de 2025).

- **As 5 solicitudes de reserva de praza nas idades de 1 – 2, e 2 – 3 anos de non empadroados en Pontecesures de xornada completa, e as 3 solicitudes de non empadroados en Pontecesures de xornada reducida quedan ACEPTADAS, tendo que formalizar a correspondente matrícula no prazo estipulado (do 1 ao 15 de xuño de 2025).**

Posto que quedan prazas vacantes, para as solicitudes presentadas fora do prazo, terase en conta a orde de entrada no rexistro.

A lista provisional de admitidos e de reserva de praza publicarase na páxina web e na sede electrónica do Concello.

Asdo.- M^a Teresa Tocino Barreiro.
Alcaldesa-Presidenta do Concello de Pontecesures.
(Documento asinado dixitalmente, na data sinalada á marxe)

